

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **MEAÑO**

##### **Subvencións e axudas**

###### *BASES REGULADORAS AXUDAS MATRÍCULA DE ESTUDOS DE MASTER UNIVERSITARIO OFICIAL CURSO 2021/2022*

###### *BASES REGULADORAS PARA AXUDAS PARA COSTEAR A MATRICULA DE ESTUDOS DE MASTER UNIVERSITARIOS CURSO 2021/2022.*

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 2 de novembro de 2021, acordou aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de axudas para costear a matrícula de estudos de master universitario oficial en universidades públicas españolas no curso 2021/2022 para alumnos/as do Concello de Meaño:

###### **“BASES REGULADORAS PARA AXUDAS PARA COSTEAR A MATRICULA DE ESTUDOS DE MASTER UNIVERSITARIO OFICIAL EN UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS NO CURSO 2021/2022.**

###### **Primeira. Obxecto e finalidade.**

É obxecto das presentes Bases, establecer as bases reguladoras e convocar, en réxime de concorrència competitiva, axudas destinadas a costear os gastos derivados da matrícula, no curso académico 2021/2022, nun máster universitario oficial en universidades públicas españolas, para alumnos/as residentes e empadroados/as no Concello de Meaño e pertencentes a unidades familiares con menos recursos económicos, de forma que estas situacións non mingüen o dereito ao progreso social e a empregabilidade.

###### **Segunda. Dotación orzamentaria**

Crédito máximo destinado á financiación destas axudas ascende a:

- 3.500,00 €, con cargo á partida 231.48005 do Orzamento Municipal 2021.

###### **Terceira. Compatibilidade**

As axudas concedidas ao abeiro das presentes bases serán compatibles con calquera outra axuda que poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo da matrícula.



Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

#### **Cuarta. Requisitos dos solicitantes**

Poderán solicitar estas axudas as persoas tituladas universitarias que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ser residente e figurar empadroad/a no Concello de Meaño como mínimo durante os doce meses anteriores á data do remate do prazo de solicitude. (comprobarase de oficio polo propio concello).

2. Ter finalizado os estudos universitarios que lle dean acceso aos estudos de máster universitario como máximo nos dous cursos anteriores á presente convocatoria.

3. Estar matriculado/a no curso 2021-2022 en un máster universitario oficial nunha universidade pública española, de un mínimo de 60 créditos excluídos os créditos recoñecidos, convalidados ou adaptados

4. Non estar en posesión doutra titulación de máster universitario.

5. Estar ó corrente das obrigas tributarias coa Agencia Estatal de Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Meaño e ao corrente de pago coa Seguridade Social e non atoparse incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/ 2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións para obter a condición de beneficiario/a da subvención. Estes extremos acreditarase mediante a declaración responsable asinada polo/a solicitante contida no ANEXO I.

Non obstante, o Concello poderá comprobar de oficio se os/as solicitantes se atopan ao corrente do pago coa Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Meaño. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo na casilla habilitada no Anexo I.

6. Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 8.000,00 €. Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta o disposto na base oitava

7. Non ter cumpridos os 18 anos de idade.

#### **Quinta. Contía das axudas.**

Concederase unha única axuda ata un máximo de 350,00 €, segundo os criterios de valoración sinalados na base novena.

#### **Sexta. Solicitude e documentación necesaria**

As solicitudes para participar na presente convocatoria axustaranse ó modelo establecido (ANEXO I) que estará a disposición dos interesados na páxina web do Concello.



Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

A presentación de solicitudes, unha vez cumprimentadas polo/a interesado/a, farase na Sede Electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera das formas establecida no artigo 16.4 da Lei 39/ 2015, do 01 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e deberá acompañarse da seguinte documentación:

1. DNI do solicitante e de tódolos os membros da unidade familiar.

2.- Libro de familia

3. Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2020 de todos os membros que compoñen a unidade familiar. No caso de non estar obrigado pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) a presentala, deberá achegar certificación de imputacións renda exercicio 2020 emitida ó respecto pola AEAT; de non ter tributado en España, deberán achegar a declaración da renda ou imposto equivalente no país correspondente e certificado expedido pola AEAT.

4. Documento/os emitido pola universidade correspondente que acredite/n a matrícula nos estudos de máster universitario no curso 2021/2022, número de créditos matriculados, importe da mesma e no que se indique o nome do centro, estudos, nome e DNI do/a estudante.

5. Título universitario que da acceso ao máster e documento que acredite a nota media obtida no último curso.

6. Para os casos nos que a capacidade económica da unidade familiar experimentase un deterioro significativo en relación co exercicio utilizado para a análise da situación económica, os solicitantes interesados poderán manifestar tal circunstancia acreditando a nova situación económica, achegando a documentación xustificativa correspondente ós 5 meses anteriores á convocatoria así como a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do ano 2020

7. No caso de separación ou divorcio, será necesario achegar a sentenza recaída e/ ou convenio regulador correspondente.

8. No caso de familia monoparental, será necesario achegar documentación acreditativa de dita situación. Certificado expedido pola xunta de Galicia

9. No caso de familia numerosa, será necesario achegar documentación acreditativa de dita situación. Título ou libro de familia numerosa

10. No caso de discapacidade, será necesario achegar documentación acreditativa de dita situación. Certificado do grao de discapacidade

12. ANEXO II Información básica sobre protección de datos a cumprimentar polos restantes membros da unidade familiar.

### **Sétima. Renda percapita familiar.**

1. Enténdese por renda per cápita familiar a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables.



Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

2. Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que figurando na solicitude teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral de violencia de xénero, para os efectos do cálculo da renda per cápita nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

3. Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a situación persoal e familiar a 31 de decembro de 2020 e a renda per cápita do exercicio fiscal 2020.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase un deterioro significativo en relación coa que consta na declaración de IRFP do 2020, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ós 5 meses anteriores á convocatoria.

4. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda do 2020, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumaran os recadros da base imponible xeral e o da base imponible do aforro da declaración.

No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar.

5. No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor ou titor co causante, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade e que figure empadroadado no mesmo domicilio, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

### **Oitava. Determinación membros computables da unidade familiar**

1. Para os efectos previstos nesta orde, e con referencia á situación familiar en 31 de decembro de 2020, considérase que conforman a unidade familiar:

O/A Solicitante

O pai, a nai, non separados legalmente,

Os/as irmáns menores de idade, con excepción dos emancipados.



Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

Os/as irmáns/ maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Os/as irmáns solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar e non teñan recursos económicos.

A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles, e que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente xustificante de empadramento de convivencia.

3. No caso de falecemento dalgún dos proxenitores que convivan co causante, acreditarase a circunstancia mediante un certificado de defunción.

4. Os casos de separación ou divorcio acreditaranse mediante sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/a solicitante.

5. No caso de que algún dos membros da unidade familiar estea afectado por unha discapacidade legalmente cualificada igual ou superior ó 33% computarán por dous.

6. No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor ou titor co causante, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia.

7. No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os proxenitores inclúranse dentro do cómputo da renda familiar.

### **Novena. Criterios de valoración.**

A valoración das solicitudes realizarase aplicando o seguinte baremo:

a. A renda familiar relacionarase cos membros computables aplicándose a seguinte puntuación:

#### **Ingresos anuais Per Capita:**

<b>Desde</b>	<b>Hasta</b>	<b>Puntuación</b>
0,00 €	1.500,00 €	10 puntos
1.500,01 €	3.000,01 €	8 puntos
3.000,02 €	4.500,02 €	6 puntos
4.500,03 €	6.000,03 €	4 puntos
6.000,04 €	7.000,04 €	2 puntos
7.000,05 €	8.000,00 €	1 punto

b. Nota media do último curso universitario que da acceso ao máster:



Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

b. Nota media do último curso universitario que da acceso ao máster:

NOTA MEDIA	PUNTOS
Entre 5 e 5,49	2
Entre 5,50 e 6,49	4
Entre 6,50 e 7,49	6
Entre 7,50 e 8,49	8
Entre 8,50 e 9,49	10
9,50 ou mais	12

c. Situación familiar: familia numerosa, familia monoparental, discapacidade, membros da unidade familiar estudando fóra da localidade distinto ó solicitante.

SITUACIÓN FAMILIAR	PUNTOS
1. Familia numerosa xeral	10
2. Familia numerosa especial	15
3. Familia monoparental	15
4. Discapacidade do solicitante	15
5. Discapacidade dalgún membro da unidade familiar distinto ó solicitante	10
6. Membros da familia realizando estudos universitarios ou ciclos formativos superiores fóra da localidade distinto o solicitante:	
1 membro	5
2 membros	10
Mais de 2 membros	15

A valoración a asignar a cada solicitude virá dada pola suma das puntuacións acadadas nos tres apartados anteriores.

O importe das axudas a conceder virá dado pola valoración obtida por cada solicitude de axuda en relación co total de solicitudes e co límite de 350,00 €, de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{importe axuda} = \frac{\text{valoración de cada solicitude} < 350,00}{\text{Suma das valoracións de todas as solicitudes}}$$

As axudas concederanse por orde descendente de puntuación, determinando o límite do número das axudas o crédito da aplicación orzamentaria.

### Décima. Publicidade e prazo de presentación de solicitudes

#### a) Publicidade da convocatoria

As bases para a solicitude desta axudas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e así mesmo, serán obxecto de publicidade a través da páxina web do Concello de Meaño e comunicadas á Bases Nacional de Subvencións para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPP.



Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

**b) Publicidade das axudas**

Publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a relación de persoas beneficiarias das axudas. Así mesmo o acordo de concesión será obxecto de publicidade a través da páxina web do Concello de Meaño e comunidades á Bases Nacional de Subvencións, segundo dispón o artigo 20 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

**c) Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**Décima primeira. Emenda de solicitudes**

De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, para aquelas solicitudes que non estean correctamente cubertas ou non acheguen os documentos preceptivos, o Concello requirirá a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

**Décima segunda. Instrución e resolución**

Recibidas as solicitudes procederase a súa tramitación. O procedemento será instruído pola informadora xuvenil e/ou educadora familiar, ou na súa ausencia o empregado público que a Alcaldía propuxera, que realizarán de oficio cantas actuacións estime necesarias para o coñecemento e comprobación dos datos así coma os requirimentos de subsanación de deficiencias da documentación.

Comprobado que os solicitantes cumpren os requisitos esixidos nestas bases e que se achega a documentación requirida darase traslado dos expedientes de solicitude ao departamento de servizos sociais para a súa avaliación, segundo os criterios regulados na base 9 e formulación de proposta provisional de concesión.

Avaliadas as solicitudes, os expedientes serán elevados a Comisión Informativa Permanente de Asuntos Sociais e Igualdade, que formulará proposta de resolución, que conterá todos/as os/as solicitantes que participan na convocatoria e no sentido que proceda (concedida, denegada e importe):

Concedidas: reseñarse a subvención individual de cada beneficiario/a, e importe; tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.

Denegadas: farase constar algúns dos seguinte motivos:

A solicitude foi presentada fora de prazo.



Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

Non achegan a documentación requirida.

Non estar empadroados/as.

Non matriculado/a master oficial universidade pública

Supera ingresos.

Outros, especificar.

Lista de garda: coa súa correspondente orde de maior a menor puntuación.

A Xunta de Goberno Local, coa proposta da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Sociais e Igualdade, acordará a concesión definitiva das axudas con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento Municipal do Concello de Meaño sinaladas na base 2.

### **Décima Terceira: Prelación na concesión de axudas no caso de máis dunha solicitude por unidade familiar.**

No caso de haber máis dun membro da mesma unidade familiar solicitante da axuda, concederáselle ao solicitante que curse o maior número de créditos e/ou teña a nota media máis alta no curso 20/21, sempre que cumpra cos requisitos esixidos nestas bases.

De quedar crédito dispoñible na aplicación orzamentaria, procederase a efectuar unha segunda ronda de valoración segundo os criterios sinalados na base décima, determinando o límite de concesión de axudas á existencia de crédito dispoñible.

Transcorridos tres meses, a partires do día seguinte do remate do prazo de presentación das solicitudes, sen que os interesados obteñan resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

### **Décima cuarta. Recursos.**

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ó da súa notificación de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, conforme ós artigos 8.1 y 46.1 da Lei 29/98, de 3 de xuño, Contencioso-Administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este se resolverá e notificará no prazo dun mes segundo establece o artigo 124 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 y 4 de la 29/98.





Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

**Décima quinta. Obrigas dos beneficiarios/as.**

A concesión da axuda comporta, ademais das obrigas previstas nestas Bases e das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as seguintes:

a) Cumprir cos requisitos e as obrigas que marcan as bases da convocatoria e destinar o importe da axuda na súa integridade á finalidade para a cal se solicitou a axuda.

b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Informar ao Concello de Meaño da obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.

d) Seguir durante o curso académico os estudos nos que se atope matriculado e non anular a matrícula.

e) Concorrer a exame e superar, como mínimo, o 20 créditos dos matriculados.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos en caso de incumprimento desta obrigas, segundo se establece no artigo 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O Concello de Meaño poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

**Décima sexta. Pagamento e xustificación**

**Pagamento.** No prazo dun mes posterior a resolución destas axudas procederá ao pago da axuda mediante transferencia bancaria na conta bancaria designada na solicitude.

**Xustificación.** Durante os meses de agosto e setembro do ano 2022, o Concello de Meaño verificará o cumprimento da finalidade da axuda concedida para o que deberá quedar acreditado o feito de que o beneficiario asistiu ás actividades formativas que serviron de base para a concesión da axuda.

A tal efecto, antes do remate do mes de setembro de 2022, o/a beneficiario/a deberá xustificar que ten superado o 20 créditos, como mínimo, dos matriculados.

No caso de non acreditar os devanditos extremos, procederán o reintegro das cantidades percibidas, máis os xuros de demora correspondentes.

**Décimo sétima. Control, aplicación e revisión das axudas.**

O Concello de Meaño poderá requirirle á persoa solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos consignados polos peticionarios.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:DJWUPIAYTT86M4GW



Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

Procederá, ademais, o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida, xunto cos xuros de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especialmente nos casos sinalados nas presentes bases.

O Concello de Meaño poderá realizar, mediante os procedementos legais pertinentes, as comprobacións oportunas respecto ao destino e aplicación das subvencións, para o cal, as persoas beneficiarias, quedan obrigadas a facilitarlles tanta información lles sexa requirida.

Calquera alteración que se produza nos datos contidos na solicitude ou na documentación que a acompaña será comunicada polo solicitante ao Concello de Meaño.

### **Décima oitava. Cancelación**

Poderán ser canceladas as axudas a aqueles beneficiarios que incumpran ou falseen algún dos requisitos esenciais que figuran nestas bases, mediante resolución do órgano competente.

### **Décima novena. Devolución e reintegro**

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención sen reunir as condicións requiridas para a súa concesión.
- b) Incumprimento os requisitos e obirgas sinaladas nestas bases.
- c) Demais supostos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

### **Duodécima.- Interpretación**

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta pola Xunta de Goberno.

### **Duodécima primeira. Protección de datos**

Os datos de carácter persoal obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento polo Concello de Meaño, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare e aporte na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

Lexitimación para o tratamento, o cumprimento dunha misión realizada en interés público ou no exercicio de poderes públicos derivados dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de requisitos legais impostos a dito responsable. En concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e da lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

Destinatarios dos datos, as administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado.

### **Duodécima segunda. Norma final.**

En todo o non previsto nas presentes bases, serán de aplicación: Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Bases de execución do Orzamento do Concello de Meaño e demais normativa aplicable.”



Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

**ANEXO I****SOLICITUDES DE AXUDAS PARA MATRICULA MASTER UNIVERSITARIO EN  
UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS. CURSO 2021/2022.****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:**

NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:
NIF:	TIPO:	NOME DA VÍA:
Nº:	PARROQUIA:	CONCELLO:
PROVINCIA:	CODIGO POSTAL:	TELEFONO:

**OU NA SÚA REPRESENTACIÓN** (Deberá acreditarse a representación fehacientemente por calquera medio válido en dereito)

NOME:	APELIDOS:	NIF:
-------	-----------	------

**DATOS BANCARIOS:**

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

INTERESADO ETITULAR DA CONTA:

NUMERO DA CONTA BANCARIA (24 Dixitos)

	IBAN	
--	------	--

**DATOS ACADEMICOS:**

TÍTULO UNIVERSITARIO QUE LLE DA ACCESO ÓS ESTUDIOS DE MÁSTER

DATA FINALIZACIÓN

--	--

MASTER UNIVERSITARIO (CURSO 2021/2022)

Nº CRÉDITOS MATRICULADOS

IMPORTE MATRÍCULA

--	--	--

UNIVERSIDADE E CAMPUS

--

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

 Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención. Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a continuación se detallan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)



Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se presentan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias prevista no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos aparatos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao corrente do pago das obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que se compromete a comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou privado, a partir desta declaración.
7. Que se compromete a manter ditos requisitos durante o período de tempo inherente o recoñecemento e exercicio do dereito, de maneira que si durante este período deixa de cumprir algún dos requisitos detallados na declaración o comunicará ao órgano xertor.
8. Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Meaño e ao corrente de pago coa Seguridade Social.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. En caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo na casilla correspondente e aportar unha copia dos documentos.	OPONOME A CONSULTA
Estar ao corrente coa Axencia Tributaria de Galicia	<input type="checkbox"/>
Estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	<input type="checkbox"/>
Estar ao corrente co Concello de Meaño	<input type="checkbox"/>

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE LA PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS:**

Responsable do tratamento	Concello de Meaño
Finalidade do tratamento	A tramitación do procedemento do programa de axudas matrícula Master Universitario oficial universidades públicas. Curso 2021/2022.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público e social.
Destinatario dos datos	As determinacións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución do procedemento.
Exercicio de dereitos	A persoa usuaria deberá acceder os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ó tratamento dos seus datos persoais a través da sede electrónica do Concello de Meaño ou presencialmente no enderezo Rúa Campo da Feira n.º 1 – As Covas – Meaño.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data:
---------------

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE MEAÑO**Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:DJWUPIAYTT86M4GW

Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:**

- \_\_ 1. DNI do solicitante e de tódolos os membros da unidade familiar.
- \_\_ 2.- Libro de familia
- \_\_ 3. Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2020 de todos os membros que compoñen a unidade familiar. No caso de non estar obrigado pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) a presentala, deberá achegar certificación de imputacións renda exercicio 2020 emitida ó respecto pola AEAT; de non ter tributado en España, deberán achegar a declaración da renda ou imposto equivalente no país correspondente e certificado expedido pola AEAT.
- \_\_ 4. Documento/os emitido pola universidade correspondente que acredite/n a matrícula nos estudos de máster universitario no curso 2021/2022, número de créditos matriculados, importe da mesma e no que se indique o nome do centro, estudos, nome e DNI do/a estudante.
5. Título universitario que da acceso ao máster e documento que acredite a nota media obtida no último curso.
- \_\_ 6. Para os casos nos que a capacidade económica da unidade familiar experimentase un deterioro significativo en relación co exercicio utilizado para a análise da situación económica, os solicitantes interesados poderán manifestar tal circunstancia acreditando a nova situación económica, achegando a documentación xustificativa correspondente ós 5 meses anteriores á convocatoria así como a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do ano 2020
- \_\_ 7. No caso de separación ou divorcio, será necesario achegar a sentenza recaída e/ ou convenio regulador correspondente.
- \_\_ 8. No caso de familia monoparental, será necesario achegar documentación acreditativa de dita situación. Certificado expedido pola xunta de Galicia
- \_\_ 9. No caso de familia numerosa, será necesario achegar documentación acreditativa de dita situación. Título ou libro de familia numerosa
- \_\_ 10. No caso de discapacidade, será necesario achegar documentación acreditativa de dita situación. Certificado do grao de discapacidade
- \_\_ 11. No caso de actuar por medio de representante. Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito.
- \_\_ 12. ANEXO II Información básica sobre protección de datos asinada polos membros da unidade familiar agás o solicitante.



Luns, 8 de novembro de 2021

Núm. 214

**ANEXO II****INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS**

(Debe achegarse asinado polos membros da unidade familiar agás o solicitante. No caso dos menores de idade asinará o pai, nai ou tutor)

Responsable do Tratamento	Concello de Meaño
Finalidades do Tratamento	A tramitación do procedemento do programa axudas matrícula Master Universitario oficial universidades públicas curso 2021/2022
Lexitimación para o Tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público e social
Persoas destinatarias dos datos	As determinacións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución do procedemento.
Exercicio de dereitos	A persoa usuaria deberá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ó tratamento dos seus datos persoais a través da sede electrónica do Concello de Meaño ou presencialmente no enderezo Rúa Campo da Feira nº1- As Covas- Meaño

Meaño, de de 2021

Nome e apelidos

Nome e apelidos

Nome e apelidos

Sinatura

Sinatura

Sinatura

Nome e apelidos

Nome e apelidos

Sinatura

Sinatura

En Meaño, o alcalde Carlos Vieitez Fernández

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:DJWUPIAYTT86M4GW